



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CONCESION DEMANIAL DIRECTA A FAVOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO DAS PLANTAS 5ª A 7ª DO INMOBLE SITUADO NA RÚA BENITO CORBAL 47 DE PONTEVEDRA.

BEATRIZ CUIÑA BARJA, secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, **DECLARA:**

Que esta Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido asinado o 29 de xullo de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a formalización da concesión demanial directa a favor da Universidade de Vigo das plantas 5ª a 7ª do edificio administrativo situado no número 47 da Rúa Benito Corbal de Pontevedra por un período de 20 anos, prorrogables, a contar dende a sinatura do convenio. Procederá a prorroga expresa por períodos de 3 ou menos anos mediante resolución da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de outorgamento discrecional e previa solicitude da Universidade de Vigo, que deberá comunicar o interese na prorroga da concesión cun prazo de antelación de 2 meses. O prazo máximo da concesión, incluídas as prorrogas, non excederá de 75 anos conforme dispón o artigo 40.4 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Mediante Resolución da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de data 25 de xuño de 2021 outorgase a concesión demanial de forma directa á Universidade de Vigo das plantas 5ª a 7ª do inmoible situado na rúa Benito Corbal 47 de Pontevedra.

De conformidade co artigo 93.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas e o 132.3 do Decreto 50/1998, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, as concesións demaniais formalizaranse en documento administrativo non resultando suficiente a propia resolución de





outorgamento.

En consecuencia, formalizouse a concesión demanial a favor da Universidade de Vigo mediante o convenio asinado o 29 de xullo de 2021 en base o disposto no artigo 99 da Lei 5/2011, do 30 de novembro que establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre as mesmas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións contempladas na presente lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios. Sendo competencia da persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a celebración do convenio en base o artigo 100.3 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, que dispón que “as persoas titulares das diferentes consellerías e os órganos unipersoais de goberno das entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios para a ordenación das facultades que lles correspondan sobre os bens e dereitos que tivesen adscritos organicamente, previo informe favorable do centro directivo competente en materia de patrimonio.”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estrictamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

